Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Tfno: 981 745 100
correo@cee.gal
www.cee.gal

ACTA Nº 4. TOMA DE COÑECEMENTO DOS ESCRITOS PRESENTADOS E RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NAS PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS

BOLSA DE EMPREGO DE ARQUITECTO/A MUNICIPAL A XORNADA PARCIAL (18,75 HORAS/SEMANA)

Expediente 2026/E001/000010

Data	19 de novembro de 2026
Hora de inicio	12:00 horas
Lugar	Concello de Cee
Obxecto	Dar conta dos escritos presentados tras a publicación da Acta nº 3 e rectificar o erro material advertido nas puntuacións definitivas das dúas primeiras aspirantes.

1. Reunión e composición do Tribunal

Reunidos no Concello de Cee os integrantes do Tribunal cualificador do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego mediante concurso-oposición para atender as necesidades de nomeamento de persoal funcionario interino na praza de arquitecto/a municipal a xornada parcial (18,75 horas/semana).

- Presidenta: Paula Cores Barral
- 1.ª vogal: Rosa María Fernández Canosa*
- 2.º vogal: Víctor Manuel Castiñeira Castro*
- 3.ª vogal: Rocío Hermida Cancela
- Secretario: Juan Carlos Santabaya Louzán

*Asistencia telemática

Ao asistir a totalidade dos membros titulares, incluídas a presidenta e o secretario, existe quórum suficiente e o Tribunal queda validamente constituído.

2. Antecedentes

- Decreto 790/2026, do 5 de agosto, de aprobación das bases da convocatoria, publicadas no BOP nº 153, do 13 de agosto de 2026.
- Acta nº 1, do 21/09/2026, de constitución do Tribunal e valoración da fase de concurso.
- Acta nº 2, do 22/09/2026, relativa á proba da fase de oposición e ás puntuacións provisionais totais.

CVD: AIBsLP++Sy1TxHGWBpTd Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cee.gal/

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Tfno: 981 745 100
correo@cee.gal
www.cee.gal

- Acta nº 3, do 09/11/2026, de revisión e resolución das alegacións, nova corrección do primeiro exercicio, aprobación das puntuacións definitivas e proposta de constitución da bolsa, publicada o 13/11/2026.

3. Escritos presentados tras a publicación da Acta nº 3

3.1. Escrito de María Belén Lamas Pardo

Con rexistro de entrada nº 202699900002358, do 16/11/2026, presenta recurso de alzada contra os acordos contidos na Acta nº 3. No que aquí interesa, advirte erros materiais e aritméticos nas puntuacións totais publicadas das dúas primeiras aspirantes e solicita a súa rectificación. Tamén sinala a discordancia existente no apartado 4 da Acta nº 3, onde se menciona por erro a anulación da pregunta 16, cando os acordos da propia acta identifican como anuladas as preguntas 17, 26, 37 e 45.

3.2. Escrito de Beatriz Álvarez Fontenla

Con rexistro de entrada nº 202699900002376, do 17/11/2026, presenta solicitude de rectificación. Expón que, logo da anulación das preguntas 17, 26, 37 e 45, a súa puntuación correcta na fase de oposición é de 18 puntos e que nas dúas primeiras aspirantes produciuse un intercambio das cualificacións da fase de oposición e, correlativamente, das puntuacións totais.

4. Comprobación do erro e rectificación

Examinada a Acta nº 3 e contrastados os datos coa corrección definitiva do exercicio, o Tribunal comproba que se produciu un erro material ao trasladar ao cadro de puntuacións as cualificacións da fase de oposición das dúas primeiras aspirantes, que quedaron intercambiadas.

As puntuacións correctas da fase de oposición son:

- **María Belén Lamas Pardo (LPMB): 14,90 puntos.**
- **Beatriz Álvarez Fontenla (AFB): 18,00 puntos.**

De acordo coa base duodécima da convocatoria, a cualificación final resulta da suma da puntuación da fase de concurso e da fase de oposición. En consecuencia, as puntuacións totais correctas son:

CVD: AIBsLP++Sy1TxHGWBpTd Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cee.gal/

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Tfno: 981 745 100
correo@cee.gal
www.cee.gal

DNI	ASPIRANTE	CONCURSO	OPOSICIÓN DEFINITIVA	TOTAL DEFINITIVO
***9659**	ALVAREZ FONTENLA, BEATRIZ	5,13	18	23,13
***8116**	LAMAS PARDO, MARIA BELEN	8	14,9	22,9
***2535**	AGUIAR BAÑA, MAXIMINO MANUEL	5,5	13,5	19
***2668**	JUAN SIERRA, MICHAEL	4,25	12,4	16,65
***8698**	NUÑEZ FRESCO, CRISTINA	3,6	12,1	15,7

O erro afecta, polo tanto, á orde dos dous primeiros postos da relación definitiva. A orde correcta sitúa en primeiro lugar a AFB, con 23,13 puntos, e en segundo lugar a LPMB, con 22,90 puntos. Mantéñense inalteradas as puntuacións e a orde das restantes persoas aspirantes que superaron o proceso.

Así mesmo, corríxese o erro de transcrición do apartado 4 da Acta nº 3: onde di «Como consecuencia da anulación da pregunta 16», debe dicir «Como consecuencia da anulación das preguntas 17, 26, 37 e 45».

5. Acordos

PRIMEIRO. Tomar coñecemento dos escritos presentados por María Belén Lamas Pardo, con rexistro de entrada 202699900002358, e por Beatriz Álvarez Fontenla, con rexistro de entrada 202699900002376.

SEGUNDO. Recoñecer a existencia dun erro material de transcrición nas puntuacións da fase de oposición das dúas primeiras aspirantes recollidas na Acta nº 3, que foron intercambiadas, e proceder á súa rectificación.

TERCEIRO. Establecer como puntuación correcta da fase de oposición de María Belén Lamas Pardo 14,90 puntos e como puntuación correcta da fase de oposición de Beatriz Álvarez Fontenla 18,00 puntos.

CUARTO. Rectificar as puntuacións totais definitivas, resultando 22,90 puntos para María Belén Lamas Pardo e 23,13 puntos para Beatriz Álvarez Fontenla, mantendo as restantes puntuacións definitivas aprobadas na Acta nº 3.

QUINTO. Rectificar a referencia do apartado 4 da Acta nº 3 á «anulación da pregunta 16», facendo constar que as preguntas anuladas na nova corrección foron as números 17, 26, 37 e 45.

SEXTO. Aprobar a relación definitiva rectificada das persoas aspirantes que superan o proceso e propoñer á Alcaldía a constitución da bolsa de emprego coa seguinte orde:

CVD: AIBsLP++Sy1TxHGWBpTd Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cee.gal/

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Tfno: 981 745 100
correo@cee.gal
www.cee.gal

Orde	DNI	ASPIRANTE	CONCURSO	OPOSICIÓN DEFINITIVA	TOTAL DEFINITIVO
1	***9659**	ALVAREZ FONTENLA, BEATRIZ	5,13	18	23,13
2	***8116**	LAMAS PARDO, MARIA BELEN	8	14,9	22,9
3	***2535**	AGUIAR BAÑA, MAXIMINO MANUEL	5,5	13,5	19
4	***2668**	JUAN SIERRA, MICHAEL	4,25	12,4	16,65
5	***8698**	NUÑEZ FRESCO, CRISTINA	3,6	12,1	15,7

SÉTIMO. Publicar a presente acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cee e incorporala ao expediente, aos efectos oportunos.

OITAVO. Dar traslado do presente acordo e do escrito cualificado como recurso de alzada ao órgano competente para a súa tramitación e resolución, sen prexuízo de que a rectificación material acordada polo Tribunal deixe corrixidos os datos obxecto do erro.

6. Peche da sesión

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:20 horas. Para que conste, esténdese a presente acta, que será asinada electronicamente polas persoas integrantes do Tribunal.

CVD: AIBsLP++Sy1TxHGWBpTd Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cee.gal/